

Presentación: «Glosario de Termos Esenciais de Arquitectura de Computadores»

Data: xoves, 14 marzo, 2013 -
12:00

Lugar: Salón de actos do
CITIUS

Poñente(s):

Elisardo Antelo - Xusto Rodríguez (Departamento de Electrónica e Computación da USC - Servizo de Normalización Lingüística da USC)

«Encamiñador» (*Router*), «Rañura da Cinta» (*Tape Slot*) ou «Topoloxía de Bolboreta» (*Butterfly Network*) son algúns dos exemplos galegos que figuran no novo *Glosario de Termos Esenciais de Arquitectura de Computadores*, elaborado polo profesor Elisardo Antelo Suárez, do Departamento de Electrónica e Computación, e Xusto Alexandre Rodrí

quez Ríos, da Área de Terminoloxía - Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A presentación do traballo terá lugar este xoves, 14 de marzo, no salón de actos do CITIUS. Amais dos autores, no relatorio estarán presentes o subdirector da ETSE, Francisco Omil, e Francisco Fernández Rivera, investigador do CITIUS e director do Departamento de Electrónica e Computación. Todos eles falarán das achegas e vantaxes deste novo manual, que estará dispoñible *online*, de maneira gratuíta, na páxina web do SNL (www.usc.es/snl).

O proxecto xurdiu como resposta ás demandas da Comisión de Normalización Lingüística da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE); dende hai tempo, esta comisión viña proponendo a elaboración dun glosario «galego-español-inglés», que puidera ser utilizado nos distintos ámbitos de coñecemento implicados na docencia e na investigación do centro.





O principal obxectivo deste glosario é ofrecer material de referencia que facilite o emprego do galego no ámbito académico, pero resultará tamén de grande utilidade para axudar á comprensión da bibliografía técnica que o alumnado debe manexar durante os seus estudos -escrita maioritariamente en inglés-. O volume trata de recoller a terminoloxía fundamental empregada no eido da arquitectura de computadores, aínda que dado o grao de innovación tecnolóxica deste sector, requirirá actualizacións e modificacións periódicas.

A previsible frecuencia destas correccións (como incorporar e nomear as novas tecnoloxías que vaian agromando, suprimir algúns termos que perdan a súa vixencia, etc) foi a principal razón para desbotar a edición en papel. Debido o alto custe que esta supuña, e ás dificultades para ser revisada, finalmente a edición do libro levouse a cabo exclusivamente en soporte electrónico.

Os autores do glosario agardan que esta iniciativa da ETSE non quede aquí, senón que en meses e anos vindeiros outros traballos semellantes poidan ver a luz para favorecer o uso do galego en contextos técnicos. Segundo os seus creadores, «agardamos que estes *Termos Esenciais* sexan un traballo comentado, discutido, criticado, corrixido... Todo iso quererá dicir que é utilizado, e só nese caso o tempo e os recursos dedicados á súa elaboración pagarán a pena».